

## SEGUNDA FEIRA

A lafrada do noso  
nedas

**C**omentaba a nosa mestra de xornalismo político François Giroud, no vello L'Express, que o mellor das manifestacións da esquerda en París é o intre de se desfaceren, cando os operarios ocupan os territorios burgueses da vila e se reunen en grupos de afinidade para parolar das súas cousas miúdas.

Cando se dissolve a manifestación de Primeiro de Maio (a da Plataforma Galega de Acción Sindical, non a do laciño), tamén traballadores vindos de todo o Grande Vigo se xuntaron no centro da cidade por parroquias, para meterlle uns chanqueiros e falar en moi diversos temas. Foi entón cando Manolo Camaño, do sindicato de traballadores do mar noso, veu para onda min e se me puxo: "Non te esquezas de escribir no FARO sobre a lafrada do noso nedas".

O caso é que este meu amigo leva algún tempo ilustrándome sobre unha xerga de oficio dos albaneis e pedreiros de Bueu que é chamada da maneira con que eu titulo esta crónica e que significa, en galego, "fala do noso choio".

Despois de apuntar certas palabras, expresións e algún vestixio de morfoloxía, cavillei se esta xerga non estaría recolleita por algún dos que investigaran na materia. Pareceume que non, pero inda así telefonei a Xesús Alonso Montero, quen me asegurou, coa súa autoridade máxima en estas falas particulares, que nada había publicado. Esta é, pois, a primeira noticia escrita da lafrada do noso nedas.

Veleiquí algún vocabulario ao chou: lepro, pelo; fachada, cara; pincel, viño; lamblanca, pan; fiouprada, preñe; estridería, esposa; estridério, marido; piquerio, dono, amo; norca, cona; afinar, ver; nipro, meniño; pendesca, muller; chavello, home; limpiar, foder; limpiar fonderio, idem forte; lascar, cagar; sismar, mexar; sequir, comer; pincelear, beber; escurmanio, irmán; sionas, sí. Nesa e nedas son palabras comodín que poden significar ocasionalmente o que sexa (coma os pronomes) e tamén serven para intercalalas gratuitamente no discurso a fin de o facer intelixíbel polo non iniciado. Exemplo: wafina pendesqueira nesa: "olla pra a rapariga". E Vostedes me disculparan a franqueza, un tanto forte, de algún léxico antes referido, pro foi así como mo falaron.

Até agora foron estudadas catro xergas de oficio en Galicia (en todo o mundo existen), a saber: o Latín dos pedreiros ou verbo dos arghinas, dos pedreiros de Cotobade, Pontevedra, Terra de Montes; o barallete dos cabaqueiros, dos telleiros do Rosal; o barallate dos nacciros, dos afiadores de Ramuín; e maila xerga dos cesteiros de Mondariz, para min a máis descoñecida, da que dera noticia primeira Bouza Brey. Ademais de existen cántigas e ditos orais en cada unha delas, ao verbo dos arghinas cóubolle e honra de entrar na poesía de Celso Emilio Ferreiro e ao barallete dos nacciros de entrar na novela e Xosé Fernández Ferreiro.

Agora Vázquez Pintor, que anda metido na pescuda dos oficios, ten ahí unha liña de investigación. Porque a lafrada do noso nedas está tan viva que eu me fartei de rir ao lla sentir falar, todo picardías políticas, aos mozos albaneis de Bueu que viñeron á manif do Primeiro de maio a Vigo. Compre recoller ben recollida a estudar ben estudada esta xerga do Morrazo.

Dicíame un de Beluso: "Mira ben como falas da lafrada. Di claríño que non é vasco. Non vaia ser que David Balsa e o BNG nos vaian acusar outra vez de sermos de Jarrai".

E digo eu: ¡sobre bases máis banais se teñen ergueito famosas calumnias políticas!

X.L. MÉNDEZ  
FERRÍN